



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BAGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGO
S' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

UN POBO GRANDE E UN PEQUEN' HOME.

A xusta indignación de que dá mostrás o pobod'a Cruña é interpretada por moitos, e entr' éstes por un diario d' esta localidá *de mais circulación en toda Galicia*, é interpretada, ripitimos, d' unha maneira completamente contraria á veridá.

O pobo d' a Cruña non se resinte por que se alexen d' él un número maór ou menor de soldados e oficiás; resíntese pol-a inconsideración e falla de formalidá n-o cumprimento d' un contrato, qu' o pon n-o caso de tirar pol-a ventana *dous millós de réas*.

Non pol-o beneficioso que pra os pobos poidan ser as goarniciós de tropahox' en día, dado qu' as factorias militares provén á seu consumo e hastra poideran sortir—sin comprieación á sabendas—á crases non militares en perxuício d' o comercio; sínon porque n-o traslado d' a caballería á cibdá de Santiago tod' o mundo bota de ver a orella ó demo, é dicir, a man de certo prohóme moi infruente e anemigo aculto d' a capital, a noticia d' o traslado de dita forza, circulad' a noite d' o sábado último, alriton con xusta razón e unánememente os ánemos de todol-os cruñeses que se precien d' estimar a honra e dinidá d' esta cibdá.

O arteiro prohóme que con tan desfachado des-
caro e pasando por enriba d' a equidá non sinte es-

cúpalo algun en quitar á un pobo elementos de vida á que tén dereito en vertu d' un d' os mais rodimentareos principios xurídicos, o de qu' o uso non enterrómpilo custituye propeadá, non conseguirá outra cousa que sementar discordias entre dous pobos hirmás, anemistándoos e —anque pareza empropea a comparanza—convirtíndoas en novas Cartago e Roma, porqu' esta conduta acarrexa as represalias e o malestar consiguiente: mañan esas influencias concuirán, pro non concuirán os pobos nin seus óleos: prohómes de tanta ou mais influencia toman a defensa d' o pobo despojado e emitando o sistema d' *espropeacion* escómenzado por aquélas pódell' arrebañar *cousas* de maór emportancia qu' unha goarnicion, por mais que, d' igoal maneira qu' aconteseo hoxe á Cruña, a posesion de longo tempo xustifique a continoacion.

Si verdadeirament' e como é de supoñer eisiste un compromiso tácito entre noso municipio e o goberno que dou motivo á qu' aquel, desatendendo sagradas obrigaciós, aventurase cerca de dous millós de réas n-as obras d' o coartel destinado á caballería, a medida d' o ministro d' a Guerra fixand' a residencia de dita forza en Santiago, son d' aquélas qu' entre particulás dan xusto motivo á unha querella diante d' os tribunás por falta de cumprimento d' un contrato con grave perxuício d' unha d' as partes contratantes.

Por fortuna pra nos, non alcanza n ta podrosa influencia á reformar a superficie d' o grobo, porque si así fose, calquer día quedábamonos c' unha coarta de narís mirando como nos levaban a auga d' a badía pra convirtilir en porto a «Porta Faxeira», e si non nos levaban tamen o Orzán seria quizaes porqu' o estrondo d' o seu soberbeo oleaxe non interrumpise as místicas acupaciós d' o livítico pobo.

Corrutelos d' a sociedad pódense chamar eses políticos qu' á troque d' estender algo mais seu prestixio reméxeno todo d' enriba pr' abaixo pertendendo comprar a popularidá n' un distrito eleitoral e-os despoixos d' outro onde non vé burato pra metel-a pata.

Si os merecementos d' os pobos hánse de medir pol-os esforzos e saquirfeios feitos pra conquistar un posto dino n-o gran concerto d' a civilizacion e d' o progreso, ningun mais acreedor á atencion d' o goberno qu' a Cruña, sempre n-a brecha xenerosa e valentemente dipost' á loita que ten por ouxeto o adianto moral e material; e esto con seus propeos recursos, cuase sin axuda nin proteucion, por mais que conte entre seus fillos escra-recidos patricios que, dinos d' a nobreza d' a sua náí, nunca mendingaron o que saben que lles corresponde de dereito.

A Cruña demostra n-esa pacífica e solene manifestacion de protesta en que todos nos houbemos confundido sin distincion de crases nin opiniós a fortaleza d' ánemo que ll' acredita sua gloriosa hestoria; demostra que co-a concencia de seus dereitos sabe vindicalos siquera sea tan pacífica a desaprobacion como imponente; demostra tanta grandeza como pequenas son as miras d' esa eminencia... d' o *forro* que com' as toupas traballa de cote pra 'emprobescer á unha cibdá que ten a riqueza d' o ánemo e d' o civismo.

CÁNTIGAS

O CONTO DE DON MATEU

O crego de Monteduro
era un crego moi sabido,
ben colorad' é fornido,
pequechiñ' e barrigudo;
e-o seu pantalón folgado
e suas botas de canela,
seu chaleco de panela
pol-o tabaco luxado,
as faldras d' o laviton
sacudidas pol-o aire

e traguidas con donaire
com' as puntas d' un pendon;]
ó seu relós de cebola,
sombreiro de sorbeteira,
centura de panadeira,
cara redonda de bola,
facian d' o meu creguño
un crego feit' é d' reito,
d' os que dan ó dó de peito
sin erguer moit' o fociño:
duas parroqueas á vés
gobernaba dilixente
contentand' á tod' a xente,
for' ou non seu feligrés;
cuspi a pol-o colmillo,
arrotaba moit' é forte,
fomaba d' a mesma sorte
ou ben puro, ou ben petillo,
xantaba detras d' o pote
bó chourizo e bó lacon;
en fin er' un crego bón
este señor si..... cerdote.
Un día fun de paseo
é pasei pol-o seu lar,
chamoume, fixome entrar
demostrando gran deseyo,
saco' un xerro d' o tinto,
ribeiran e d' uva pura
¡érvos viño de cura!
xa comprendés que non minto;
voté unha cunza d' él
en des momentos moi curtos,
er' un rezusita mortos...
n' era viñ o qu' era mel.

D' ali á pouco Sarafina
a y-ama mox' e fornida
dixo con vos compunxida:
— Señor, hay xent' á doutrina;
— Bueno— contestou o crego—
dilles que poden entrar,
— e a min:— Tes que despensar
este pouquiño trafego:
— N-hay de que, señor abá;
— reprimquille de contado—
teñ' ó xerro d' o meu lado,
traballá vos, traballá.

Asina com' as manadas
de carneiros e d' ovellas
entraron mozas e vellas,
homes de barbas cañadas,
rapaces de varios anos,
casadinas e viudas,
solteiras moi barrigudas.
ó demo, en fin, de paisanos;
éles e-a pucha n-a mau,
e cinguid' ó corpo o pau
élas mirando pr' o chan
e-os dedos riland' a lan
d' a dianteira d' o refaixo
é decendo pol-o baixo:
— Non sei se m' o votarán.
Os cativos asostados
e-o medo non pequeneiro
que lles botas' o carneiro
aquele perdoa-pecados,
batian dente cor dente
e miraban de través,
sin acomodal-os pés
nin poder erguel-a frente.

Por fin o creg' un arrote
votou e colle o membreto
y-o lapis, y-a Farruquete
perguntoull' en tono xoto:
—¿Qu' entendes tí por *Astete*.
—Astetes....., siñor, non sei
as cousiñas' que serán.
—Cala, cala, lacazán
qu' eu ben ch' as enseñarei:
¿sabes logo qu' é pecado?:
—Comprim moi ben e fielmente
e' a irexia.....
—Cala improdente
vaite d' hai: ¡reprobado!
—Pero siñor.....

—Cala, besta.
(dix' o crego pateando)
y-o neno estaba sudando
e-a carraxe pol-a testa.
—Ti, Maricá de Polonio,
os sacramentos sabrás?
(Ela mirand' ó rapás)
—Non sei o d,o matrimanio.
—En verdá estas aviada
é tanta falla che fai.
—Siñor, se hox' o sei mal
ben o sabrei de casada.
—Serafina qu' é criada
d' o voso creg' e solteira
e mais sabe.....

—¡Ai algueireira!
está por vos enseñada.
—Que t' enseñ' á tí calqueira;
toutou; estás reprobada.
— A ver Fucó de Simon;
¿qué cousas está obrigado
á sabel-o home honrado
que ten uso de razón?
—Saber leer é esquirbir,
deprender todal-os leises,
poder elexil-os reises
e non deixars' oprimir:
amar moito a Dios Podroso
n-o altar d' a nosa concencia,
ter con vos moita pacencia,
vervos moi lexos d' o noso.
—¿E quén ch' ensinou, demiño,
esa lei de satanás?
—Siñor, antont' ó rapás
cert' home doull' un libriño
que trai eso....

—¡Barrabás!
á protestante me cheira,
¡reprobado! O día de feira
á confesarte virás,
e ven e-o libro maldito
qu' a tua y-alma che perdeu.
—Moi ben está, don Mateu.
—Adios, adios hastr' o dito.

.....

Asi m' os foi despachando
por ter pouca relixión,
e con dor de corazon
deixounos ir desfilando
sin lles mandal-o perdon.
—Está ó mundo moi perdido.
—dix' encarandos' á min,—

votou n-o vas' é bebin
dicindo:—Está corrompido.....

Carlos POL.

O MEU INOLVIDABRE AMIGO
DON CARLOS POL

SONETO (¡!).

Si visto bèn, me chaman presomido;
Si de calquera xeito, son baldragas;
Si como axiña, son un tragaldabas,
E si como amodiño son finxido.

Si vou a Igrexia din que son beato
E si deixo d' ir son un xudío;
Chámanme tolo s' a meúdo río,
Si son serio ninguén quer' o meu trato.

Cando m' esprimo por falar ó direito,
Sóe dicir a xente que m' escoito,
E son burro ó falar de calquer xeito.

Hánme de marmular faga o que queira,
E así, pra estar groso e vivir moito,
Hay que poñers' o mundo por monteira.

A. V. T.

(.....)

S' escoitas qu' a campana toc' á morto,
non penses qu' é por min
mentras voár non sintas unha y-alma
que vén's' á dispidir.

Mais d' estonces non vertas unha bágoa,
nin digas: "¡infelis!"....

Sorríe, qu' estou eu á tua veira
esperando por tí.

Qu' o puro afán que consumeu a vida
siguiram' hastr' o fin,
e nin céo nin gloria era compreta
n' atopándot' alí.

A. V. T.

O MÓR D' A LAREIRA

A PALABRA D' HONOR

Vouvos á dicir de mamoria a carta qu' eu es-
quirbía á miña nai onté pol-a noite.

—Pro tio Anton, si segun vosté nos ten dito sua
nai morreu fai xa vinte anos?

—Caládeme e non m' inturrumpades hastr' o
último.

—Pois d' estonces veñ' a carta e siga o conto.

—Pois ben, dicia así: «Quirida nai; estou moi
aperciado n-o reximento: o coronel pormeteu as-
cenderme á sarxento n-a revista que ven, pro como
d' agora estou prestando servició de destacamento
n-a cibdadela, terei qu' agoardar algun tempo mais
por causa de sufrir antes o eisámen. Tanto m' es-

tima o meu coronel qu' hastra recomendou' ó gobernador d' este forte, un xefe que resoltou ser paisano meu e que, segun me dixo, andivo xunto con meu pái n-a escola. En fin, miña nai, estoulle como quero.—Sin mais moitas mamorias, bicos, apertas á..... etc.»

O día qu' eu esquirbia esta carta atopábame de goardia, e non tendo tinteiro e decatándome de qu' o oficial de goardia non estaba n-o coarto de bandeiras, tentoum' o demo á entrar n-él pra servirme d' o tinteiro qu' estaba vendo enriba d' a mesa.

X' habia concurid' a carta e póstoll' o sobre, e perparábam' á foxir á toda presa pra que non me collese drent' o oficial de goardia, cand' atinou á entrar éste, qu' era o home mais aborrecido d' o reximento, pequerredo e enxoito com' o seu corazón, d' eses poucos qu' hay que sóen desculpar as crueldás e-o fús ordenancismo e que por fortuna van desaparecend' ó compás qu' adiantan as ideas liberás.

Parous' á midirme e-os ollos dend' os pés á cabeza cal poidera facelo un basilisco, mentras eu, coadrado com' unha estauta e trembande d' o que m' asperaba, devanábam' os meolos buscand' unha desculpa que me sacase ben d' aquel atolladoiro.

—¿Quén lle dou á vosté premiso pr' entrar aquí e sentars' á esquirbir onde solo poden facel' os oficiás?

—Ñor,—contestei eu, qu' inda non sacara desculp' algunha d' o meu maxín.—perdoe vosté esta falta que conezo cometín; pro era tal meu desexo d' esquirbir hoxe mesm' á miña casa que non poden risistir á tentacion d' entrar á facelo aquí por non tér outros medios.


—Está ben;—repicoume.—Agora mesmo vai ser vosté relevado pr' ir podirse quince días ó calabozo.

—Meu alferes,—premitínm' eu contestarlle con moito respeto,—despéñeme vosté que lle diga que namentras estea de goardia non podo nin debo pasar por tal providenza, si denantes non se pón en conecemento d' o gobernador.

¡Nunca Dios me dirá! Aínda ben non concurira eu de falar cando sintínme ferido n-a cara e-un lapote que me zorregou, d' aqueles qu' enfaman tant' ó qu' o dá com' ó qu' recibe; díram' un sopapo con tanta y-alma que segun me colleu en van por estar eu coadrado, fixome batir co-as costas n-o chan.

Erguíame d' un brinco; tod' a sangre d' o corpo viñérasem' á cabeza: barrérasem' o xuicio e tod' o que tiña, diante d' os meus ollos pareceume d' a coór d' a sangre; cando recobrei a razón vin ó oficial espatarrado n-o chan e e-unha ferida n-o peito d' a que borbotab' a sangre, e reparándom' á min mesmo vinme co-a baoneta n-a man dereita sin que poidera dar-me conta de cómo nin quén m'a houbera posto n-ela.

Miro tamén ó meu relor e vexo a goardia toda



Hastra a Praza de Fonseca
entra tirando d' a tropa
o probe, qu' ó darlle beca,
marchou sempre vento en popá.

Sotanesca procesión
de xente que cheira á cera
lle tributa unha oración...
¿El liberal? nos libera!

Son seus traballos de zapa
como cando andaba en zocas;
mais si hoxe vence o gran tapa
va probará nosas mocas.

¿Tocalle mutar a vaca
pra dar os de casa e boca?
Pois n' esquezsa o que nos saca
o gran canonista-soca.

co-as armas n-a man apuntand' ó meu peito; o gobernador e moitos xefes e oficiásrodeábanme tamen coneruido por botarse sobre min e despois de trin-car-me codo con codo chimpáronme n' un calabozo, deixándom' alí encomunicado e con centinelas de vista.

Pasado un bó rato d' encerro—qu' á min pareceum' un sigro—sintin descorrel-o cerrollo d' a porta d' o calabozo, e súpito persentouse diante de min meu paisan' o gobernador, quen me falou d' esta maneira:

—O delito que cometiche, é d' os que non teñen outro castigo qu' a pena de morte; pro inda polo salvarte si o alféres—que según dix' o médeco non corre piligr' algún—te perdóa e consinte en que non che s' enstruya sumaria. Os que persencearon o feito xa están ganados e pormeteron baixo xuramento non dicir unha palabra sobr' él, e pra que nada se sospeite voute poñer en libertá, sempre que me deas tua palabra d' honor de non foxir, pois ben poidera soceder que con tod' a miña infruencia e bó deseo non poidera facer nada en favor d' o fillo d' un amigo qu' estimei moito.

Púxenme d' hinollos diante d' él e pormetinlle non foxir socedese o que socedese.

O ferido, que sol' o estaba lixeiramente, consinteu en perdoarme e ser curado en sacreto, gracias á certas pormesas que lle fixo meu paisano, que non á propea xenerosidá.

Namentras corria o tempo, e pasad' a alegría de verme solto, atopábam' eu com' o peixe n-a rede esprando á qu' unha man tire d' éla pra morrer afogado, pois non deixaba de cavilar en que si o men feito chegab' á conecemento d' o xeneral non tñia mais escape que catro tiros, cando un solo abonda pr' esparral os meolos á calquer cristiano; e podendo limparme non o facia, porque.... retñíame alí a palabra dád' á un home calquera, ¡a palabra d' honor!....

Certo dia, e seguido de moitos oficiás xenerás e de numarosa escolta, persentouse n-a cibdadela o xeneral xefe d' o destrito.

Tod' o meu corpo dou en trembar e-un persentemento d' a disgracia que temia; d' estonces si qu' houbera foxido de boa gana, pro xa era imposible, porqu' habíanse redobrad' as goardias e cintinelas.

Pasado non sei canto tempo, total-a forza franca de servicio formamos coadro n-a praza d' armas, acupand' o medeo d' él o xeneral e seu estado maór: á min fixéronme saír ó frente, é despois d' un sarmon sobr' a necesidá d' a desciprina que nos espetou o xeneral, notificáronme que, según sentenza d' o consello de guerra verbal qu' houbera habido. íba á sufrir pena de morte n-aquel mesmo momento.

Ensiguida desarmáronme e nomearon o oficial camaradas meus qu' habian de facer de verdugos; baixáronm' ó foso por unha porta falsa, e despois

de recibil-a ausolución d' o capellán alí persente, paxéronme de rodillas contr' un halo, quizaes vello e calado testigo de cen lances somellantes ó meu.

O capellán escomenzou á rezal-o *Credo* qu' eu ripitin palabra por palabra, e ó chegar á *único hijo*, vexo brilar unha lumieira que me barre a vista, sinto un estoupido que m' atrona, os fusís qu' apuntaban ó meu peito e cabeza gomitan o promo asesino, vóame en anacos a metá d' a cachola, n-o meu peito ábrese.....

—¿E vosté, Tio Anton?

—Eu despertei e-o corazón acorado e -nos pir-meiros momentos dudei si estaba viv' ou morto; e si non fórades tan horricás xa houbérades caído n-a conta de qu' estábavos contando un sono meu qu' haberá sido realidade pra miles de disgraciados.

—¿E si vosté virase de veras n-o caso que nos conta, cumpriría a palabra que dira?

—Si me preguntárades eso denantes d' haber tido eu este sono, non sabería que respondervos; pro d' agora asegúrovos que por enriba de total-as palabras d' honor está o deber que tén o home de conservar e defendel-a vida.

A. V. T.

FUNGUEIRAZOS

Segun s' asegura e temos por certo, o auntamento de Betanzos persentou tamen a dimisión, fundada n-a mesma inxusta *espoliación* qu' o d' a Cruña e atendendo a solidaridá d' intreses d' as duas pobraciós hirmás.

Non era d' esperar menos d' un pobo que sempre se distingueu pol-a hidalguia e dinidá mais merescedcraz d' aprauso, así como pol-a confraternidá de que tantas probas ten dadas pol-a Cruña.

A primeira verbena d' o ano, a d' o grorioso patriarca San Xosé, faltoulle pouco pr' estar animada, salvo as humoradas d' os Pepitos—e d' as Pepitss—qua como compoñen á maoria d' a humanidá católeca e sobre todo española, teñen sobre os que levamos outros nomes de pila a ventaxa d' o número.

Non atopamos ningun Pepito nin sabemos de ningunha Pepita qu' houbese perdido a idem.

Anqu' atrasada, mándamos nosa felicitación á uns e outras, e poñémonos ós pés d' estas últimas.

Con mais fortuna qu' as eminenzas d' a cencia médeca qu' asisten ó Krompiz—hoxe emperador d' Alema-nia—o señor Redal, veterinario d' o escodron destacado en Betanzos prauticou a "traqueotomía" n-un cabalo d' o mesmo escodron, con tan felis cisito que pode considerarse curado.

Si este cabalo estivera predestinado á gobernar un estado de coarenta e dous millós d' habitantes, había

que reconecer en tan milagrosa cura a man d' a Providenza "que vela pol-a sorte d' os principes".

E de crér fose un Pepe
o héroe d' unha custión
que, bebendo peleon,
tivo co-aquel morenete
qu' é soldado d' o escadron,
Dia, o d' o Santo Xosé;
sitio, frente a rúa d' a Fita;
¿por qué? qu' un múseco alrita
insultando á su mersé,
despois de darll' a copita.

Mala parte n-a tal riña
á don Pancho lle tocou
pois o outro, piña tras piña,
c-oa sua cara xugou,
probando que xénio tiña.

Puxeron paz os persentes,
e xa acabada a custión
acudiron tres axentes.....
qu' en calquera parte son
modelo de dilixentes,

E como non hay céo sin nubes, tamen tivo unha lixeira nube a imponente manifestación d' o mesmo dia, séndoo un mariñeiro que se trabou de palabras e obras e' un xoven, reerta qu' houbera tomado maores proporcións si non interveñen n-ela varias persoas, pois xa somaba unha navalla n-as más d' o dito mariñeiro.

Reutificando diremos que non nos gustou a maneira de interveñir; pois pra poñer paz entre dous que riñen, non é menéster ensañarse n-un solo d' eles zorregandollos escalazándoll' a roupa e amarrándoo pol-os pelos bastr' arrincarillos.

En remprazo d' o finado don Pedro Diaz, subdelegado de veterinaria d' o distrito de Betanzos, foi nomeado interinamente o intelixente e apreceado profesor don Pedro Argueso Gomez.

Pradicáball' un sarmon
Xan Baldragas á seu fillo,
y-ant' outras varias razóns
ambos así discurriron:

—¡Aqueles si qu' eran tempos!
escravo d' o pai o fillo,
os dous á Dios obedentes
ó rey, ós cregos y-ós ricos.
Os labregos n-os bastaba
o esfarrapado vestido,
e ó cortexar eu tua nai
andábatche descalciño.
¡Quén s' atreverá á negar
qu' o fin d' o mundo vai vindo
c-o menosprecio d' as crases,
d' os páis e hastra d' o diviño.
Vestides como n-a vila,
raxades, bebedes viño,
e con mostra e con pariaugas
todos sodes señoritos.
¡Nada! qu' o mundo s' acaba.....

—¡Non hay tal;—o fillo dixo—
que de ser cert' o que conta,
dá agora o mundo principio.

O número terceiro d' a revista *Galicia*, correspondente ó segundo ano d' a sua publicación, contén o seguinte sumario:

"*Galicia y el regionalismo*; por don E. J. Butrón.—*Cronquis*; por don Alberto Garcia Ferreiro.—*Sabela*; por don Joaquín de Arévalo.—*N-a cibdá*, por don E. Rodríguez González.—*Documentos inéditos. Privilegio de Pontevedra*; por don A. Martínez Salazar.—*Leistas y Loistas*; (continuación) por don José María Montes.—*Poesía inédita* de don Francisco Añón.—*Los espíritus*; por don V. Novo Garcia.—*A Galicia*; por don R. Pesqueira Crespo.—*Apéndice á los refranes Gallegos*; por don Marcial Vailladares.—*Certamen literario de Betanzos de 1887* (continuación)."

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña.

LEOPOLDO PIÑEIRO

Castreia e Comercio de panos

Praza de Vista-Alegre—SARRIA

Predoce, ir lonxe por panos,
desenganos;
e Piñeiro é unha persoa,
segun sóa,
qu' a última moda seguindo,
cal xastre á quen nada empata,
sua parroquea vai vistindo
qu' é d' o mundo frol e nata.

¿Solo fama e non diñeiro
quer Piñeiro,
e d' orbe enteiro recibe
cánt' espide?
Pois tendo él tan bós tratos
é, mercar n-outro almacén,
semear o grau pr' os ratos
ou non querer vestir ben.

FABRICA DE CHOCOLATE TRABALLADO A BRAZO
DE

RAMON GUITIAN

Praza de Vista alegre.—Sàrria.

Toda persoa fina é intelixente
qu' o *sucumisco* noso haxa probado,
dirá, lanbend' o bico e sorridente:
"Das máquenas non sal tan bó bocado."
E esta verdá non ten volta nin tasa
pr' os que d' o *caracas* entendades;
mais si alguen duda, merqueo n-esta casa
ou pregunte de cal gastan os frades.

Praza de Vista-Alegre—Sàrria.

A NUNCEOS

PAPELERIA, LITOGRAFIA

FOUXETOS D'ESQUIRTORIO

M. ROEL,

54-Real-54

Compreto sortido en toda crás de papés de fio pra oficinas—de folia longa pra preódecos e obras—bonifinos papés pequenos e comerciás pra cartas—tintas, lapiceiros, prumas e canto fai falla n-o esquirtorios, —compretos y-alegantes útiles pra esquirtorios, tamén articulos pra fumar.—Abocadibuxo, así como libros moi cuquiños pra rezar—adante sortido de literitas.—Libros con siguideira a eirexa señoras e señores pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúzia de rapaces, un que rasean n-as pedras facendo bonifinas cousas e-os lapiceiros d'aceiro, y-outros que fan botar as máguenas follas abondo con vistosos cores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d'os corpos armados, papés e-os timbres moldeados; impresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS brancas, de loito e con escudos d'armas ou outras alegorías. Etiquetiñas pra os feires, botellas de viño, cervezas e pra as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquirbir ante n-os comercios, esquelinas pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m'esquencen.

54, calle Real, 54—A Cruña

MARIANO VAL E C.^A

Santa Catalina, 17

Viños d' Aragon, Castilla, Blanco Chiclana, Riveiro e Valdepeñas.

Viños de mesa como éles n-os atopades n-o pobo, dan forza ós convalecentes, euran o cólera morbo, ós vellos dan longa vida, ás casadas dán refolgo e se contan moitos casos de rasucitar ós mortos. E o sacreto d'estas curas beber un neto d'un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pedir outro. Pra pifar entre comidas o Chiclana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou saíu d'ali feito un mozo. **NON MAIS CALVOS**, qu'este viño fai medral-o pelo á moitos, si con magras de xamon dan unhas fregas ó estógamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO TENREIRO E COMP.

Ruataca, 12—Betanzos

N-esta conecida tenda, á que xusta fam' abona, hay canto a moda pertenda, bó e barato, ¡qu' é perbenda n-estes tempos, segun sona! Hastra d'o confin d'a terra veñen aquí os materiás; e aquí, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás d'as negociós qu' a cencia encerra.


Estética, Xeometría son mayestras n-o taller, direutor a Natomia, e dáse os pés outro sér e ó corpo mais gallardía.

GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N-este acreditado establecemento tíñese de todol-os colores e quitanse toda clás de manchas ás roupas, así de señoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertores de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácaselles o pelo; todo moi baratiño e co-a preferenon que ten acreditado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.



A FULIADA

PREÓDECO SEMANAL D' INTERESES MORÁS E MATERIÁS.

Sal á lus todol-os xuevas

Precio de suscricion:—Oito cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

EMPRENTA DE

A. AMENEDO PONTE

Rua d'a Fita, núm. 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.